

ACTA NÚMERO: 05/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 5 de febreiro de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 22 de xaneiro de 2026 (Reunión 03/2026) e 29 de xaneiro de 2026 (Reunión 04/2026).
2. Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-Límite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas), financiado con fondos PRTR". (Expte.- 2024081885).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50.000 habitantes. (Expte.- 2025064680).
4. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro". (Expte.- 2025037343).
5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro". (Expte.- 2025037343).
6. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)". (Expte.- 2025056883).
7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)". (Expte.- 2025056883).
8. Solicitude da empresa Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474), para participar no sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación. (Expte.- 2023051458).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 22 de xaneiro de 2026 (Reunión 03/2026) e 29 de xaneiro de 2026 (Reunión 04/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 22 de xaneiro de 2026 (Reunión 03/2026) e 29 de xaneiro de 2026 (Reunión 04/2026)

2. Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-Límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas), financiado con fondos PRTR". (Expte.- 2024081885).

O Secretario informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009030 de data 10 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 04/12/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeiralímite co Concello de Mondariz (Concello de Mondariz).

As empresas admitidas foron as seguintes:

- BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- NAROM, S.L.
- SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
- UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.-OBRAS GALLAECIA, S.L..

Non se admitiu a oferta da empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., por figurar a mesma presentada fóra do prazo establecido ao efecto.



A Mesa de Contratación na reunión do día 4 de decembro de 2025 tamén acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao e o Xefe da Sección de Proxectos Jaime David Ruibal de Sola, con data 16 de decembro de 2025, emitiron informe conxunto relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	4,00	1,00	5,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	14,00	3,00	17,00
UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.-OBRAS GALLAECIA, S.L.	20,00	3,00	23,00

A Mesa de Contratación na reunión do día 18 de decembro de 2025, en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao e do Xefe da Sección de Proxectos Jaime David Ruibal de Sola, de data 16 de decembro de 2025, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-limite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas)".

Na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

A empresa "Braio Multiservicios, S.L.", non alcanzou na valoración do sobre "A" a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, motivo polo que non se procedeu á apertura da súa oferta presentada no sobre "B".

Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	148.860,80 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	149.635,94 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	160.000,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.-OBRAS GALLAECIA, S.L.	145.300,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.-OBRAS GALLAECIA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

A empresa UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.-OBRAS GALLAECIA, S.L., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_REX_WEB2025087357) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: WLXZJPKNWC8AYN93 informe do Director do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: *“...a UTE formada polas empresas OBRAS GALLAECIA SL e EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO SA NON xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	25,98	5,00	5,00	5,00	40,98
NAROM, S.L.	24,48	5,00	5,00	5,00	39,48
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	3,15	5,00	5,00	0,00	13,15

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación a inadmisión da oferta presentada pola empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., por figurar a mesma presentada fóra do prazo establecido ao efecto.
- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa Braio Multiservicios, S.L, por non alcanzar na valoración do sobre "A" a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.
- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA.-OBRAS GALLAECIA, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-limite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	19,00	40,98	59,98
2	NAROM, S.L.	19,00	39,48	58,48
3	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	17,00	13,15	30,15

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa



Moscadeira-limite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas)” á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (CIF B36816189) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	148.860,80 €
IVE (21%)	31.260,77 €
Importe Total	180.121,57 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (CIF B36816189), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3746) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

6. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - a) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 7.443,04 €
 - b) Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) de contratista e subcontratistas (modelo anexo III PCAP).
 - c) Declaración sobre aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas (modelo anexo IV PCAP).
 - d) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (modelo anexo V PCAP).
 - e) Acreditación da inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.(Pedir certificado AEAT).
 - f) Deberase facilitar o nome e data de nacemento do titular real do contratista e o subcontratista, tal como se define o titular real no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, nos termos nos que se determine polo Ministerio de Facenda e Función Pública, coa finalidade de dar cumprimento á esixencia do artigo 22.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de



12 de febreiro de 2021. (Xuntarase a acta notarial de titularidade real ou no seu defecto o anexo “Información sobre titularidade real” acompañado de escritura notarial de titular real e DNI).

A documentación deberase presentar na da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, podendo acceder á través do seguinte enlace: <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/50709505>

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50,000 habitantes. (Expte.- 2025064680).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 21/12/2025 de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no DOUE (Anuncio número 850897-2025) en data 22/12/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 22 de xaneiro de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir a seguinte empresa:

- ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A-50878842)

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas neste procedemento.

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre “B” que presenta a referida empresas ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 26/01/2025, emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor da oferta presentada por ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A-50878842) co CSV KTXT2TFN33VC9085, sendo a puntuación outorgada a seguinte:



CRITERIO	Máximo	ESPUBLICO
Descrición detallada do servizo	22,00	18,50
Plan de migración	7,00	6,50
Plan de implantación	7,00	6,00
Xestión do cambio	4,00	3,00
Soporte e mantemento	4,00	3,00
Características da solución	15,00	15,00
Arquitectura da solución	5,00	5,00
Funcionalidades da solución	5,00	5,00
Integracións	5,00	5,00
Descrición da xestión do servizo	3,00	2,50
TOTAIS	40,00	36,00

Na reunión da Mesa de Contratación do día 29/01/2026, procedeuse a prestar conformidade as puntuacións e a continuación procede a apertura do sobre "C", correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que acadan unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (36 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

1. Menor prezo ofertado para dous anos:

Importe sen o IVE:	300.000,00 € (TRESCIENTOS MIL EUROS)
IVE (21 %):	63.000,00 € (SESENTA Y TRES MIL EUROS)
Importe total ofertado:	363.000,00 € (TRESCIENTOS SESENTA Y TRES MIL €)

2. Disponibilidade de Plataforma de formación continua:

SI NON

3. Integración na Rede Nacional de Centros de Operacións de Seguridade:

SI NON

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas da empresa admitida, obtén a seguinte puntuación:



Empresas	Total sobre C
ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A., A50878842	33,12

As puntuacións totais do sobre B+ sobre C, son as seguintes:

TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 40 puntos)	36
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 60 puntos)	33,12
TOTAL B+C	69,12

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación da oferta admitida do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1 ^a	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A., A50878842	69,12 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A., A50878842

4. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro". (Expte.- 2025037343).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro". Con posterioridade a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de outubro de 2025, aprobou unha corrección dun erro no prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe na licitación deste contrato.



O anuncio de licitación inicial deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de outubro de 2025 e posteriormente publicouse un anuncio rectificado coa corrección aprobada pola Xunta de Goberno o día 21 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse en data 21-10-2025 os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ORESAS ASFALTOS, S.A.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de novembro de 2025 procedeu á apertura nos sobres "A" da documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 3 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	14,00	2,00	16,00



CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	12,00	2,00	14,00
HORDESCON, S.L.	14,00	1,00	15,00
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	20,00	1,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	16,00	1,00	17,00
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	12,00	1,00	13,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 3 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro*”.

5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro". (Expte.- 2025037343).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro*”.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00



HORDESCON, S.L.	15,00
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00
NAROM, S.L.	18,00
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	17,00
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	13,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	458.979,35 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	457.830,37 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	457.180,61 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	491.417,68 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	456.580,83 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	494.666,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	474.724,12 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	475.024,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	460.129,52 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	458.830,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	455.131,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	27,02	5,00	5,00	5,00	42,02
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	27,74	5,00	5,00	5,00	42,74
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	28,15	5,00	5,00	5,00	43,15
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	5,62	5,00	5,00	5,00	20,62
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	28,53	5,00	5,00	5,00	43,53
HORDESCON, S.L.	3,45	5,00	5,00	5,00	18,45
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	16,80	5,00	5,00	5,00	31,80
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,60	5,00	5,00	5,00	31,60
NAROM, S.L.	26,29	5,00	5,00	5,00	41,29
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	27,11	5,00	5,00	5,00	42,11
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	29,45	5,00	5,00	5,00	44,45



A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto da obra "*Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro*", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	25,00	42,74	67,74
2	NAROM, S.L.	18,00	41,29	59,29
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	43,15	59,15
4	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	17,00	42,11	59,11
5	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	43,53	57,53
6	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	13,00	44,45	57,45
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	42,02	56,02
8	MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	21,00	31,80	52,80
9	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	31,60	47,60
10	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	20,62	44,62
11	HORDESCON, S.L.	15,00	18,45	33,45

Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro*", á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (B-36.147.429), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado457.830,37 €
 IVE (21%)96.144,38 €
 Importe Total 553.974,75 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.



A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (B-36.147.429) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

2. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (B-36.147.429, mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documentación xustificativa da efectiva disposición de medios materiais ou alleos.

- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mezclas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
- Equipo de extensión de mezclas bituminosas en quente.

c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 22.891,52 €

6. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)". (Expte.- 2025056883).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 31 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a



adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 27 de novembro de 2025 procedeu á apertura nos sobres “A” da documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 3 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	18,00	1,00	19,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00



A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 3 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)".

7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)". (Expte.- 2025056883).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)".

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00
NAROM, S.L.	22,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	199.960,74 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	198.235,76 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	200.868,62 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	212.653,44 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	205.703,08 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	207.245,65 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	219.548,29 €	3,00%	36 MESES	SI	NON

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

8. Solicitud da empresa Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474), para participar no sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación. (Expte.-2023051458).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para implementar un Sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.



O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de decembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego. Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

A Xunta de goberno na sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024 acordou admitir ás empresas que presentaron inicialmente a solicitude de participación, entre as que se atopaba, a empresa Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474). Este mesmo órgano, na sesión ordinaria do día 06 de setembro de 2024 acordou declarar o abandono da citada empresa ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Solicitada novamente a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

DOCUMENTACIÓN	BLINKER ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-03813474)
Data presentación da solicitude de adhesión	13/01/2026
Categorías para as que solicita a adhesión	Categoría I Categoría II
ROLECE/RCGA	ROLECE
Declaración responsable	✓
Capacidade para contratar	✓
Solvencia económica (volumen anual de negocios) Categoría I: 60.000,00 euros. Categoría II: 60.000,00 euros	✓



Solvencia técnica (relación de principais subministracións) Categoría I: 40.000,00 euros. Categoría II: 40.000,00 euros.	✓
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	✓
Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	✓
Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas	✓

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Seleccionar á empresa Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474), por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría I (Vestuario laboral e equipos de protección individual) e categoría II (Uniformidades e complementos) do Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Vestuario laboral e equipos de protección individual.

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
- Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
- Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474)

Categoría II: Uniformidades e complementos

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

